CA2.7 Relaciónouse o funcionamento dos equipamentos de tratamento, recuperación e minimización de residuos sólidos coas operacións que realiza cada equipamento	• PE.7 - Proba escrita	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.11 Establecéronse as condicións de almacenamento, etiquetaxe e transporte de residuos sólidos, e de substancias perigosas	• LC.1 - Traballo na aula	S	10
CA2.12 Identifícaronse as vantaxes do establecemento de redes e centros de reutilización de residuos sólidos	• PE.8 - Proba escrita	S	5
CA2.13 Tívoise en conta a normativa de xestión de residuos no deseño de medidas correctoras	• OU.1 - Traballo na aula	S	5
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Residuos: fontes de xeración e clasificación. Residuos urbanos. Residuos tóxicos. Residuos perigosos. Residuos especiais. Residuos biosanitarios e citotóxicos.
Programas de inspección e vixilancia.
Lexislación sobre a xestión de residuos sólidos.
Instalacións de tratamentos de residuos sólidos. Clasificación.
Sistemas de xestión de calidade. Avaliación: etapas.
Sistemas integrados de xestión de residuos.
Recollida, almacenamento, almacenamento intermedio, etiquetaxe e transporte de residuos sólidos.
Descontaminación de residuos sólidos.
Valorización e xestión dos subprodutos obtidos. Sistemas de tratamento.
Redes e centros de reutilización de residuos sólidos.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos		Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)				Recursos		

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Recollida e transporte de residuos domésticos - Descrición das formas de recollida e condicións de transporte dos residuos domésticos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición dos contidos sobre sistemas de xestión de residuos domésticos, explicando os métodos de recollida e transporte dispoñibles. 	<ul style="list-style-type: none"> Participación activa na exposición dos contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Aprendizaxe dos métodos de recollida e transporte de residuos domésticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador e proxector. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Traballo na aula OU.1 - Traballo na aula PE.1 - Proba escrita PE.2 - Proba escrita PE.3 - Proba escrita PE.4 - Proba escrita PE.5 - Proba escrita PE.6 - Proba escrita PE.7 - Proba escrita 	4,0
Valorización e Reciclaxe Material - Estudo das opcións de tratamento de valorización do material.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición dos contidos analizando o fluxo de tratamento dos residuos e instalacións de tratamento, tales como reciclaxe, preparación para a reutilización, etc.. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de tarefas de afianzamento deses contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Aprendizaxe dos tratamentos de valorización e reciclaxe material 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador e proxector. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita PE.3 - Proba escrita PE.4 - Proba escrita PE.6 - Proba escrita PE.7 - Proba escrita PE.8 - Proba escrita 	15,0
Valorización enerxética e eliminación - Estudo da xestión doutro tipo de residuos diferentes aos domésticos.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición dos contidos referidos a procesos de valorización enerxética e eliminación de residuos domésticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestións sobre os contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Aprendizaxe das instalacións de valorización enerxética e eliminación dos residuos domésticos. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador e proxector. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Proba escrita PE.4 - Proba escrita PE.7 - Proba escrita 	6,0
TOTAL						25,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión de residuos industriais	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza sistemas de xestión de residuos sólidos, analiza a eficiencia dos procesos e propón medidas correctoras na xeración, no tratamento e na xestión dos devanditos residuos	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Establecer as condicións de almacenado e transporte de residuos perigosos. 1.2 Identificar o correcto etiquetado dun residuo perigoso. 1.3 Clasificar os tipos de tratamentos de residuos perigosos.	1	Principios básicos da xestión de residuos industriais	5,0
2.1 Describir o fundamento dos tratamentos físicos, químicos e biolóxicos dos residuos. 2.2 Identificar os procesos de tratamento físico, químico e biolóxico de residuos perigosos.	2	Tratamentos físicos, químicos e biolóxicos dos residuos perigosos	8,0
3.1 Describir o esquema xeneral dunha instalación de incineración de residuos. 3.2 Enumerar exemplos de valorización enerxética en industria. 3.3 Describir os tratamentos previos ao depósito de residuos perigosos nun vertedoiro. 3.4 Describir a preparación e operatividade dun vertedoiro de residuos perigosos.	3	Incineración e eliminación de residuos perigosos	7,0
TOTAL			20

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse os principais tipos de instalacións de xestión de residuos sólidos	• PE.1 - Proba escrita	S	15
CA2.3 Relacionáronse as principais operacións de tratamento de residuos sólidos cos principios en que se fundamentan	• PE.2 - Proba escrita	S	10
CA2.4 Relacionáronse os procesos de tratamento de residuos sólidos coa súa natureza	• PE.3 - Proba escrita	S	10
CA2.5 Estableceuse a secuencia das fases dos principais procesos de recuperación e minimización	• PE.4 - Proba escrita	S	10
CA2.7 Relacionouse o funcionamento dos equipamentos de tratamento, recuperación e minimización de residuos sólidos coas operacións que realiza cada equipamento	• PE.5 - Proba escrita	S	10
CA2.8 Propuxéronse accións para a minimización e o control de residuos sólidos	• OU.1 - Traballo na aula	S	5
CA2.9 Identifícanse e analizáronse inventarios, censos ou lugares de xeración de residuos sólidos e substancias perigosas	• OU.2 - Traballo na aula	S	5
CA2.10 Identifícanse os métodos de valoración de residuos sólidos	• OU.3 - Traballo na aula	S	5

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.11 Establecéronse as condicións de almacenamento, etiquetaxe e transporte de residuos sólidos, e de substancias perigosas	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Proba escrita 	S	10
CA2.12 Identificáronse as vantaxes do establecemento de redes e centros de reutilización de residuos sólidos	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Proba escrita 	S	10
CA2.13 Tívoise en conta a normativa de xestión de residuos no deseño de medidas correctoras	<ul style="list-style-type: none"> OU.4 - Traballo na aula 	S	10
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Residuos: fontes de xeración e clasificación. Residuos urbanos. Residuos tóxicos. Residuos perigosos. Residuos especiais. Residuos biosanitarios e citotóxicos.
Lexislación sobre a xestión de residuos sólidos.
Instalacións de tratamentos de residuos sólidos. Clasificación.
Sistemas de xestión de calidade. Avaliación: etapas.
Recollida, almacenamento, almacenamento intermedio, etiquetaxe e transporte de residuos sólidos.
Recuperación e minimización de residuos sólidos.
Valorización e xestión dos subprodutos obtidos. Sistemas de tratamento.
Redes e centros de reutilización de residuos sólidos.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Principios básicos da xestión de residuos industriais - Describíranse a identificación, etiquetado de residuos perigosos.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición de conceptos básicos relativos á xestión de residuos industriais, identificando os principais tipos de residuos das industrias. 	<ul style="list-style-type: none"> Participación activa na exposición. 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecementos básicos sobre residuos industriais, e de etiquetado de residuos perigosos. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador e proxector. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.3 - Traballo na aula PE.1 - Proba escrita PE.2 - Proba escrita PE.3 - Proba escrita PE.7 - Proba escrita 	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Tratamentos físicos, químicos e biolóxicos dos residuos perigosos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición dos tratamentos químicos, físicos e biolóxicos aplicados a residuos perigosos e o seu equipamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de cuestións sobre os contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Aprendizaxe dos procesos de tratamento físico, químico e biolóxico de residuos perigosos. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador e proxector. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.4 - Traballo na aula PE.2 - Proba escrita PE.4 - Proba escrita PE.5 - Proba escrita PE.6 - Proba escrita 	8,0
Incineración e eliminación de residuos perigosos	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dunha instalación de incineración de residuos perigosos e as etapas de preparación e mantemento dun vertedoiro para ditos residuos. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de tarefas sobre os contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecemento do funcionamento dunha incineradora de residuos perigosos e o sistema de depósito dos mesmos. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula informática. Ordenador e proxector. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Traballo na aula OU.2 - Traballo na aula OU.4 - Traballo na aula PE.2 - Proba escrita PE.3 - Proba escrita PE.5 - Proba escrita 	7,0
					TOTAL	20,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Riscos e plans de minimización de residuos	12

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Selecciona protocolos de actuación para minimizar os efectos da contaminación asociada aos residuos sólidos, avalía riscos e propón medidas correctoras	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os factores de risco asociados aos residuos. 1.2 Valorar os efectos de accidentes ocasionados pola contaminación asociada aos residuos. 1.3 Describir protocolos para situacións de emerxencias.	1	Os problemas dos residuos	6,0
2.1 Enumerar os beneficios da minimización de residuos. 2.2 Identificar os elementos dun programa de minimización dos residuos. 2.3 Realizar a avaliación técnica e económica da proposta de minimización dos residuos. 2.4 Describir as técnicas de minimización dos residuos.	2	Minimización dos residuos	6,0
TOTAL			12

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Analízase a sustentabilidade do ecosistema urbano en relación co impacto que os residuos sólidos teñen sobre o ambiente e a saúde das persoas	● PE.1 - Proba escrita	S	10
CA5.2 Identifícase a epidemioloxía das doenzas debidas aos residuos sólidos e outros contaminantes do solo	● LC.1 - Traballo de investigación	S	10
CA5.3 Relaciónáronse a contaminación do solo e os residuos sólidos coa contaminación secundaria das augas e do aire	● PE.2 - Proba escrita	S	10
CA5.4 Valoráronse os efectos sobre a saúde e sobre o ambiente dos accidentes ocasionados pola contaminación asociada aos residuos sólidos	● PE.3 - Proba escrita	S	10
CA5.5 Identifícanse protocolos de investigación de brotes epidemiolóxicos relacionados coa contaminación do solo	● LC.2 - Traballo de investigación	S	10
CA5.6 Elaboráronse informes onde se identifiquen os efectos para a saúde e o ambiente	● LC.3 - Traballo na aula	S	20
CA5.7 Propuxéronse medidas correctoras en función dos informes e dos resultados obtidos	● LC.4 - Traballo na aula	S	20
CA5.8 Seleccionáronse os protocolos de actuación para situacións de emerxencia	● LC.5 - Traballo de investigación	S	10
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Ecosistemas urbanos: tipos e problemáticas. Impacto da contaminación asociada aos residuos sólidos sobre a saúde e o benestar. Impacto da contaminación asociada aos residuos sólidos sobre o ambiente. Doenzas relacionadas cos contaminantes do solo e coa produción e a xestión de residuos sólidos. Programas de prevención e control dos efectos da contaminación asociada aos residuos sólidos. Formalización de documentación técnica. Límites de contaminación e de xeración de residuos sólidos permitidos pola lexislación. Directivas europeas relativas á xestión de residuos sólidos.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os problemas dos residuos - Análise dos problemas orixinados polos residuos, os riscos asociados aos mesmos e descrición de actuacións ante accidentes ambientais.	<ul style="list-style-type: none"> Guía e apoio na elaboración dun documento sobre os problemas dos residuos e o solo contaminado, así como a súa relación coa saúde e o medio ambiente 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración e presentación dun traballo de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> Valoración da importancia dos efectos dos residuos e solos contaminados sobre o medio ambiente a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de informática. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Traballo de investigación LC.2 - Traballo de investigación LC.3 - Traballo na aula LC.5 - Traballo de investigación PE.1 - Proba escrita 	6,0
Minimización dos residuos - Descrición das difentes posibilidades de minimización de residuos.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición das medidas a tomar para conseguir a redución de residuos. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun plan de minimización para un proceso coñecido tendo en conta as directrices. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecemento sobre as posibilidades de minimización de produción de residuos. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de informática. Ordenador e proxector. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - Traballo na aula PE.2 - Proba escrita PE.3 - Proba escrita 	6,0
TOTAL						12,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Como forma de potenciar o traballo persoal do alumnos e o traballo nas clases e laboratorio, os instrumentos de avaliación e a cualificación das avaliacións será repartida do seguinte xeito,

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación empregados para a avaliación serán:

- Probas escritas e/ou prácticas, nas que se valorará non só o dominio dos contidos impartidos, senón tamén a expresión escrita, a claridade e rigor das explicacións, a capacidade de síntese, os procedementos de traballo seguidos, respecto polo material, a seguridade e o medio ambiente, etc.
- Rúbricas, lista de cotexo,...para avaliar:

Caderno de laboratorio cos contidos establecidos.

Traballo realizado sobre os contidos dados. Valorarase o dominio dos contidos, expresión escrita, claridade e rigor das explicacións, capacidade de síntese, procedementos de traballo, entrega en tempo e forma, presentación do traballo, claridade na exposición oral, etc

Informes das prácticas realizadas e os resultados obtidos nas experiencias que serán presentados en tempo e segundo o formato establecido.

A observación diaria dos alumnos na aula e/ou no laboratorio, onde demostrarán que saben traballar seguindo procedementos normalizados de traballo, respectando as normas de seguridade, hixiene e ambientais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación das avaliacións basearase nos resultados acadados cos instrumentos de avaliación descritos para cada unidade no apartado 4c e será repartida segundo o peso de cada un dos instrumentos para cada unidade segundo se marca no apartado 4c, e despois a nota final da avaliación calcularase a partir do peso de cada unidade didáctica con respecto o total do módulo. O peso de cada unidade esta reflexado no punto 3a. Este valor calcularase en base a 10, e será necesario acadar un mínimo de 5 en cada resultado de aprendizaxe para realizar a media ponderada.

O rematar cada avaliación a nota calcularase ponderando o peso de cada unha das unidades didácticas, segundo se detalla no punto 3a.

Quedando de tal maneira que:

- UD 1 10%
- UD 2 10%
- UD 3 15%
- UD 4 20%
- UD 5 20%
- UD 6 10%

UD 7 15%

Para os alumnos que non teñan acadado avaliación positiva na avaliación, ofreceráselles a opción de realizar unha proba de recuperación daqueles RA non superados. Esta proba presentará unha estrutura ben definida con separación de contidos por cada unha dos CA. A nota da avaliación recalcularase coa nova nota dos RA e tendo en conta o peso de cada un deles no total do módulo, sempre e cando beneficie ao alumno/a.

Así mesmo poderá pedirse a entrega complementaria de traballos relativos aos contidos do módulo non superados. Neste caso a nota do RA será recalculada tendo en conta a puntuación obtida en ditos traballos.

A nota final do módulo calculase como a media aritmética das tres avaliacións, unha vez aplicados os criterios referidos anteriormente con respecto a ponderación de cada unidade didáctica referida no apartado 3a.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Para os alumnos que ao rematar as avaliacións non teñan acadado avaliación positiva,realizarase unha proba no mes de xuño que incluírá contidos dos RA non superados ao longo do curso e que consistirá en cuestións, exercicios e/ou casos prácticos relativos ás unidades do programa, repartidos en función do peso de cada CA, segundo o especificado no punto 4c.

Establecerase un conxunto de actividades de recuperación individualizadas, relacionadas coas capacidades terminais elementais e cos contidos básicos non adquiridos. Informarase ao alumno das actividades a realizar, programación e temporalización destas así coma da data de realización de dita proba.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perderon o dereito a avaliación continua serán avaliados no mes de xuño cunha proba específica que poderá constar de,

- Exame teórico con cuestións, exercicios ou casos prácticos relativos ás unidades do programa que contribuirá ao 70% da nota.
- Exame práctico no laboratorio, que contribuirá ao 30% da nota e que poderá incluír calquera das operacións de laboratorio vistas durante o curso.

No caso de non realizarse unha proba práctica o 100% da nota corresponderá ao exame teórico.

Poderá establecerse un conxunto de actividades de recuperación individualizadas, relacionadas coas capacidades terminais elementais e cos

contidos básicos non adquiridos. Os alumnos poderán asistir sempre que sexa posible e non supoña un risco para a seguridade ou saúde deles ou dos compañeiros, ás clases teóricas así como ás prácticas no laboratorio.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación avaliarase de xeito continuo, ao mesmo tempo que se pon en práctica, imprimíndolle un carácter formativo, que permita a súa modificación no momento que se detecte a necesidade de adaptarse á realidade da aula e do grupo.

Ao final do curso farase unha avaliación sumativa na que se valore o axuste de todos os elementos curriculares propostos nesta programación: obxectivos, contidos, .. As conclusións desta avaliación final recolleranse nun documento que formará parte da memoria do ciclo.

A avaliación da práctica docente terá en conta dous aspectos:

- A análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso e dos resultados académicos obtidos polos alumnos comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados.

- A opinión do alumnado.

O seguimento e a avaliación será realizada polo profesor do módulo e nas súas conclusións terá en conta a valoración feita polo propio alumnado.

Os obxectivos desta avaliación son comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como propoñer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial de todo o alumnado na que se acordarán os distintos aspectos do módulo en relación coa valoración dos resultados de aprendizaxe e co progreso na consecución dos obxectivos xerais do Ciclo.

A valoración dos resultados derivados destes acordos e destas decisións constituirá o punto de partida das seguintes sesións de avaliación.

Adoptaranse as medidas oportunas que garantan a máxima confidencialidade da información que mereza un tratamento reservado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.

Cambios na temporalización: Adaptación aos ritmos e tempos tanto de grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Cambios nos grupos: Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo colaborativo que integre alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

Cambios na secuencia de contidos: Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo.

Explicacións individuais por parte do profesor á aqueles alumnos con dificultades.

Cambios na avaliación: formas e instrumentos de avaliación.

Cambios nas tarefas: Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino-aprendizaxe, procurarase que o alumno consiga unha maior capacidade de autonomía e sentido crítico, un reforzamento da responsabilidade persoal e, polo tanto, en constante referencia cos demais, traballarase os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

Educación para a paz / educación moral e cívica: Trabállase este tema dunha forma progresiva e continua, cunha metodoloxía baseada na cooperación, o diálogo, a resolución pacífica de conflitos, etc.

Preténdese que os alumnos/as: Valoren o espírito crítico e cooperativo, analicen, de forma crítica, os valores que rexen os equipos de traballo, participen en actividades de grupo de forma solidaria, responsable e construtiva, apreciando a diferenza como riqueza colectiva ou utilicen as técnicas de negociación para resolver, de forma pacífica, posibles diferenzas dentro dun grupo. Ademais trátanse cuestións como a relación con familiares e amigos, o respecto por culturas, razas e crenzas diferentes, entendemento entre os mozos, as achegas de diversos países á cultura e o progreso da humanidade, etc.

Educación pola igualdade de xéneros: Ensinar a convivir, desde a diferenza, no respecto ás persoas independentemente do seu xénero. Utilización de linguaxe non sexista tanto oral como escrita.

Preténdese que os alumnos/as identifiquen e desenvolvan un espírito crítico fronte a aquelas actitudes que denoten formas de discriminación, tamén se tratará de que desenvolvan actitudes críticas e suxiran cambios fronte a aquelas manifestacións sexistas que poidan xerarse na contorna laboral.

Educación ambiental: O seu obxectivo é que os alumnos/as tomen conciencia dos problemas medioambientais, desenvolvendo actitudes e accións de conservación e protección. Ao longo do curso resáltase a necesidade de respectar o medio ambiente, reflexionando sobre o papel que o medio natural xoga no equilibrio ecolóxico do planeta, e as accións que poden danalo. Esta reflexión é unha chamada de atención sobre situacións, provocadas polo home e prexudiciais para el, que é preciso corrixir, e pretende espertar nos alumnos unha maior conciencia ecolóxica.

Preténdese que os alumnos/as:

- desenvolvan actitudes críticas ante as intervencións empresariais no ámbito ambiental
- adopten actitudes persoais responsables na defensa do medio ambiente
- tomen conciencia da importancia de respectar as normas ambientais.

Farase a xestión de residuos xerados en cada práctica, de xeito que o alumno sexa consciente das implicacións ambientais que supón o traballo con substancias perigosas para o medio ambiente e a saúde.

Educación para a saúde: Promover modos de traballar que sigan as normas de seguridade.

A igualdade de xénero: na utilización de linguaxe non sexista, tanto oral como escrita, na análise de actividades e traballos tanto na aula como no laboratorio ou fora do centro.

Educación para o consumo: Preténdese educar aos nosos alumnos/as na distinción do necesario e o innecesario, evitando actitudes consumistas. Seguir as pautas do desenvolvemento sostible: reutilización de materiais, reciclaxe na medida do posible, aforro de enerxía e auga, etc. Os avances tecnolóxicos non están exentos de problemas; un dos máis importantes é a degradación do medio ambiente. En definitiva, recoñecemento da necesidade dun desenvolvemento sostido e aplicación a realidade galega.

Tamén traballaremos a intelixencia emocional para mellorar a súa autoestima así como a forma de relacionarse socialmente, tratando aspectos como a empatía, poñerse no sitio do outro, o respecto polos demais. Desta maneira imos formar persoas emocionalmente intelixentes.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Durante este curso entre as actividades complementarias que se programan e cuxa realización se ve afectada debido á situación actual provocada pola COVID serían:

- Visita unha planta de reciclaxe de residuos industriais.

- Visita a un centro integrado de xestión de residuos.
- Charla informativa sobre compostaxe por maestro composteiro.

10.Outros apartados

10.1) PLAN DE INFORMACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Co fin de informar debidamente ao alumnado sobre a programación da materia, explicarase aos alumnos a principio de curso, atendendo as posibles dúbidas.

Os criterios de avaliación e cualificación estarán a disposición dos alumnos na aula virtual no módulo de Control de Residuos.

Ademáis, publicarase a programación na web do instituto.